Costa da Morte —Finisterre

Noia · Muros · Carnota · Ézaro (Fervenza do Xallas) · Corcubión · Finisterre

Noia

#Inevitable

Do mesmo xeito que a zona antiga de Muros, a de Noia tamén é digna de admirar polo seu centro histórico que, sen dúbida, ten un estilo medieval. Situada en plena Ría de Muros e Noia, destaca a Igrexa de Santa María, un auténtico museo ao aire libre onde se poden observar centos de laudas gremiais ("lápidas") talladas á man.

Como chegar

Muros

#Recomendable

Dos centros históricos mariñeiros mellor conservados de Galicia, patrimonio histórico artístico e entrada natural á Costa da Morte.

Como chegar

Carnota

#Curioso

Son dúas cousas as que definen Carnota e que teñen en común unhas grandes dimensións. Por unha banda, un característico hórreo de 35 metros de lonxitude e unha das praias máis grandes de Galicia, a Praia de Carnota, con case 7 quilómetros de fina area.

Como chegar

Ézaro
(Fervenza do Xallas)

#Sobrecolledor

Temos no Ézaro uno dos fenómenos menos comúns de Europa: un río que desemboca no mar en forma de fervenza. É o río Xallas o afortunado de terminar o seu curso no Atlántico. Podemos alugar unhas canoas e observala desde a auga, ou subir ao miradoiro do Ézaro e contemplar unha panorámica desde o Monte Pindo.

Como chegar

Corcubión

#Se queda tempo

É unha das primeiras paradas da Costa da Morte se empezamos desde a Ría da Estrela. O seu porto, destruído polas forzas do exército de Napoleón, xunto co paseo marítimo, é un dos principais atractivos turísticos; pero non deixamos de recomendar que vos acheguedes aos cantís para gozar da Costa da Morte en estado puro.

Como chegar



Finisterre

#Imprescindible

Finisterrae, como lle chamaban os romanos, que significaba, literalmente, o fin da terra. É tamén a última parada para os peregrinos que, tras chegar a Santiago, deciden continuar ata este punto. O seu faro, aberto ao Atlántico, é o punto ideal para gozar dunha marabillosa posta de sol.

Como chegar